



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO

2020 → 2021

XOVES 25

FEBREIRO 2021

Auditorio de Galicia, 20.00 h

VIVA BEETHOVEN

Nuno Coelho, director

PROGRAMA

Arnold Schoenberg (1874-1951)

Noite trasfigurada op. 4 (versión 1943)

Ludwig van Beethoven (1770-1827)

Sinfonía núm. 5 en do menor, op. 67

Allegro con brio

Andante con moto

Allegro

Allegro

Duración aproximada do concerto: 1 hora. Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconnecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

Adriana Winkler
(concertino)

Anca Smeu (axuda de
concertino)

Ildikó Oltai **

Claudio Guridi

Ilya Fisher

Victoria Jurov

Michal Ryczel

Anna Alexandrova

Yulia Petrushevskaya

Daniel Kordubaylo

Matthias Emmerink ***

Sabela Hughes ***

Elna Viksne

Irina Gruia

Helena Sengelow

Amparo Cánovas ***

VIOLAS

Tilman Kircher *

Natalia Madison **

Oxana Bakulina

Anne Schlossmacher

Timur Sadykov

Ionela Ciobotaru

Teresa Cardoso (R)

Vicent Mañez ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Anxo Leitao (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Luis Soto **

Marta Gómez (R)

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *

Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

Alejandro Valcárcel (R)

TROMPAS

Jordi Ortega *

Alfredo Varela *

Xavier Ramón

Mónica García (R)

TROMPETAS

Javier Simó *

Moisés Lorenzo (R)

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)

Arturo Centelles (R)

Óscar Vázquez (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Gyula Vadaszi

Enrique Roca

Samira Ajkic

Kiyoko Ohashi

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Millán Abeledo

Carlos García

Thomas Piel

Clara Martínez ***

* principal | ** coprincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

NUNO COELHO

DIRECTOR

Gañador do Concurso Internacional de Dirección de la Orquesta de Cadaqués en 2017, é director convidado da Orquestra Gulbenkian. Ademais dos concertos en Lisboa, nesta temporada debutará coas orquestras Staatsorchester de Hannover, Sinfónica de Barcelona e Noord Nederlands; e regresará ás sinfónicas de Galicia, Tenerife e Castela e León.

Durante as últimas temporadas debutou coa Sinfónica da Radio de Baviera, Filharmónica da BBC, Orquestra do Ulster, Orchestra Teatro Regio Torino, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra Beethoven de Bonn e Filharmónica de Liverpool. Como director no programa “Dudamel Fellowship”, ten dirixido a Filharmónica de Los Ángeles en diversas ocasións, incluíndo unha estrea mundial dentro das series “Green Umbrella”.

Como director asistente da Filharmónica dos Países Baixos no período 2015-17, regresou á orquestra en 2018 para dirixir un concerto nas Robeco SummerNights da Concertgebouw de Ámsterdam. O mesmo verán dirixiu á Orquestra da Concertgebouw como participante nas clases maxistrals de Daniele Gatti. Ten

colaborado como asistente con Bernard Haitink, Susanna Mälkki, Andris Nelsons, Christoph von Dohnányi ou Gustavo Dudamel, entre outros.

Ten dirixido producións de *La traviata*, *Cavalleria rusticana*, *Rusalka* e *Diario de Ana Frank*, e foi asistente de Marc Albrecht na produción de *Parsifal* de Pierre Audi na Ópera Nacional Holandesa. Na temporada 2016-2017, como director asistente en Tanglewood, dirixiu numerosas representacións coa orquestra do festival, incluíndo os *Sete pecados capitais* de K. Weill en versión escenificada.

Nacido en 1989, Nuno completa os seus estudos de violín en Klagenfurt e Bruxelas e fórmase en Dirección na Escola Superior das Artes de Zúric con Johannes Schlaefli. Gañou o Primeiro Premio no Concurso de Dirección de Radio de Portugal e foi finalista no Concurso de Jóvenes Directores del Festival de Nestlé e no Concurso de Novos Directores de Salzburgo. En 2014 recibiu unha bolsa da Fundación Calouste Gulbenkian; e en 2015 foi admitido no Dirigentenforum do German Music Council, que posteriormente o nomeou un dos “Directores do mañá”.

Arnold Schoenberg (1874-1951)

“Compréndese poucas veces con claridade que unha man que ousa prescindir de tantas conquistas dos nosos devanceiros pode facelo só se está moi fondamente versada nas técnicas que trata de substituír polos novos métodos [...] e raramente pode apreciarse coa debida claridade que as obras nas que o anovador se prepara, consciente ou inconscientemente, para a acción que o distinguirá de canto o rodea, proporcionan unha información completa sobre o dereito do autor a dirixirse cara a novas rexións”. Esta cita de Arnold Schönberg (1874-1951) fala de si mesmo nesa ‘man atrevida’, e puido tamén ser, no seu momento, a de Ludwig van Beethoven (1770-1827), o outro ‘revolucionario’ incluído neste programa. Dous compositores enérxicos e afoutos, seguros dos camiños tomados para o seu avance artístico que foron quen de crear novos espazos sen volta pero con diferencias importantes pois, mentres que Schoenberg viviu nun claro illamento persoal e artístico, vítima do antisemitismo e a incompreensión xeral, Beethoven, a pesar dos criticados inicios e da progresión da súa xordeira e as consecuencias que esta desencadeou, foi recoñecido

en vida e ata os nosos días; alguén capaz de construír cada movemento como un arquitecto, cambiando as ideas, mutándoas un pouco, intensificándoas, creando cadeas dun mesmo motivo. Schoenberg tomou esa idea e foi aínda máis lonxe, un sistema que destruíu as bases do patrón tonal que rexira durante séculos a música europea e ademais construíu un novo ordenamento musical: a composición con doce sons en absoluta igualdade coñecido como dodecafonismo, sen bases tonais, nin acordes á maneira antiga, o que resultou moi revolucionario.

Arnold Schoenberg escribe en 1899 *Noite transfigurada* (*Verklärte Nacht*) para sexteto de corda, arranxándoa para orquestra en 1917 -estreada dous anos despois en Viena- e revisándoa en 1943. A peza, pertencente ao seu período tonal, leva ao límite o cromatismo herdado de Wagner e a súa inestabilidade e a súa ambigüidade introdúcena nunha atonalidade aínda inexplorada. Schoenberg inspirouse no poema homónimo de Richard Dehmel, un texto da colección *Weib un Welt* (Muller e mundo) que describe a conversa nocturna dunha parella no bosque na que a muller lle desvela ao home que espera un fillo doutro e

síntese atormentada pola culpa agora que por fin atopa ao seu verdadeiro amor. O namorado responde que o seu amor 'transfigurará' o fillo que está en camiño e que o cuidará como propio. A música transmite os estados de ánimo polos que pasan ambos, desde a desesperación inicial, ata o perdón do home e a esperanza a partir da reconciliación. A intensidade emocional da partitura, nun único movemento, advírtese xa na sección inicial, *Grave* cun motivo breve de carácter introdutorio ao que segue unha primeira sección caracterizada por ritmos insistentes e un conxunto de temas disonantes. Na segunda sección, *Molto rallentando*, aparece un motivo melódico curto cun adorno en forma de grupeto que se repite a pouca distancia e *in crescendo* nos distintos grupos de instrumentos, causando un efecto angurioso e imprimindo un maior dramatismo e fondura para reflectir a aflición e profundidade do discurso da muller. No *Pesante* é obvia a suxestión sonora do camiñar torpe e incerto dela (terceira estrofa do poema) que proporciona o ataque violento de sons longos no rexistro medio. En contraste, uns lixeiros arpexios descendentes-ascendentes ilustran os raios de luz da lúa que tentan

esvaeacer a escuridade da mirada da muller. A continuación, un *Adagio* no que ambas líneas entrecrúzanse debuxando unha apracible atmosfera, intensa, esperanzada, dacordo coa intervención do home co seu discurso amoroso e consolador que se estende ata o *Adagio final* no que, a xeito de conclusión, a voz que presentara aos personaxes describe o abrazo dos amantes e pecha o poema cunha volta ao principio do texto, observando o paseo da parella nunha noite luminosa.

Ludwig van Beethoven (1770-1827)

Os primeiros apuntamentos de Beethoven sobre a súa Sinfonía núm. 5 datan de 1800, pero a composición desenvolveuse entre 1804 e 1808, despois de rematar a Heroica, aínda que interrompida durante a elaboración da Cuarta. Foi estreada o 22 de decembro de 1808 nunha maratoniá sesión organizada polo propio compositor no Theater an der Wien, na que tamén se interpretaron a Sinfonía Pastoral, a Fantasía coral, fragmentos da Misa en do menor e o Concerto núm. 4 para piano. Nesta Quinta Sinfonía destaca a súa precisión construtiva pero, sobre todo, o seu carácter heroico -xa mencionado na abertura Egmont- e a súa imponente emoción explícita. Catro contundentes notas son o comezo da sinfonía, notas (sol sol sol mi bemol) asociadas ao destino chamando á porta segundo o propio compositor, un dos fragmentos sinfónicos máis recoñecibles do mundo da música que fai que esta composición sexa coñecida como o Poema do destino e que abre o Allegro con brio en forma sonata; E.T.A. Hoffmann definiu esas catro notas como unha célula "lapidaria, tecnicamente moi audaz, que presta corpo ao elemento ignoto e cheo de

misterio". Eses primeiros compases deben tocarse fortissimo para baixar a un piano, pois tamén anticipan unha maneira de organizar a obra con certos acordes e figuras dun modo case obsesivo como a repetición do ritmo das primeiras notas: tres curtas e unha longa. No segundo movemento, violas e violoncellos apoiados por contrabaixos presentan ao unísono o primeiro tema, reaparecendo nas solemnes variacións o tema principal. O sorprendente e enigmático scherzo cita e elabora un fragmento do último movemento da Sinfonía núm. 40 de Mozart e inclúe a repetición dos golpes do destino en mans dos cornos respaldados pola corda; o timbal marca o ritmo mentres a orquestra dispón a modulación para chegar ao grandioso Allegro en Do maior. Fautíns, contrabaixos e os poderosos trombóns, que se unen á orquestra, iluminan este derradeiro movemento; cordas, clarinetes e óboes volven ao primeiro tema da peza co pulso obsesivo das catro notas que permanecen latentes. A marabillosa coda chega á culminación da obra cos últimos acordes interrompidos polos silencios que anuncian o fin dunha sinfonía que moitos definen como perfecta estruturalmente.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Venres 5 de marzo, 20.00 h

AMOR E MORTE

Ciclo de piano Ángel Brage
Javier Perianes, piano

L. v. Beethoven, *Sonata núm. 12 en La bemol maior op. 26*

F. Chopin, *Sonata núm. 2 en si bemol menor op. 35*

E. Granados, *Goyescas (Los Requebros, El Amor y la muerte)*

F. Liszt, *Funerais (Harmonías poéticas e relixiosas)*

Xoves 11 de marzo, 20.00 h

MOZARTIANA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Joana Carneiro, directora

W. A. Mozart:

- *Abertura de As vodas de Fígaro*

- *Sinfonía núm. 32 en Sol maior, KV 318*

A. Piazzolla / J. Adams, *La Mufa*

A. Piazzolla, *Oblivion*

W. A. Mozart, *Chaconne, Passacaille e Pas Seul de Idomeneo*

P. I. Chaikovski, *Suite núm. 4 en Sol maior, op. 61, TH 34 "Mozartiana"*



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

